



CAMPO DE VOLUNTARIADO “RIÓS, UN MAR DE CASTIÑEIROS” (RIÓS-OURENSE)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
12-23/07/2019	18-30	Internacional	Medioambiental	20

LOCALIZACIÓN DO CAMPO

O Campo de Voluntariado levarase a cabo no Concello de Riós. As persoas participantes aloxaranse no albergue do Centro de Interpretación da Castaña e disporán dun medio de transporte axeitado para achegarse ás zonas onde teñan lugar as intervencións sempre que sexa necesario

DESCRIPCIÓN E ACTIVIDADES DO CAMPO DE VOLUNTARIADO

-Acondicionamento e recuperación dun souto de castiñeiros
 -Difusión e posta en valor dos recursos etnográficos e patrimoniais.

As participantes obterán unha **experiencia vivencial** actuando na recuperación do patrimonio, así como coñecendo as tradicións da man das veciñas que levan transmitíndoas de maneira oral durante xeracións.

- Intervención nun terreo queimado ; eforestaremos con sementes de especies autóctonas unha zona afectada polo lume empregando o método do Nendo Dango

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS. LECER

- - Visita á ferverza da Cidadella
- - Visita ao Castelo de Monterrei.
- - Obradoiro de pan nun forno comunal
- - Xeocathing nocturno.
- - Obradoiros ambientais e de refugallo
- - Vídeo-forum
- - Xogos de rol
- - Dinámicas de educación ambiental

COMO CHEGAR:

Recepción de participantes en **Verín** ás **19:45** e transporte ata o Campo de Traballo ás 19 horas e saída o último día ás 10h.

Autobús Ourense - Verín

<https://www.monbus.es/es/rutas-puntos-de-venta/198/viajar-ourense-verin/>

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Albergue e manutención no Centro de Interpretación da Castaña
<http://www.concelloderios.gal/centro-de-interpretacion-de-la-castana/>

INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O punto de encontro é **Verín** ás 19.45 (por ser a hora de chegada do autobús dende Ourense)

COTA

CENTO DEZ (**110 €**) euros. As persoas posuidoras do carné xove, do título de familia numerosa ou de familia monoparental, OITENTA E DOS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (**82,50€**)

DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de traballo. Esta causa debe acreditarse cos informes médicos e/ou do hospital en que estea ingresado o/a interesado/a.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, no seu caso.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Botas fortes de montaña
- Un abrigo/chuvasqueiro
- Saco de durmir eesterilla
- Bañador
- Toalla
- Chanclas de ducha
- Gorro
- Crema solar
- Aseo persoal
- Roupa de abrigo
- Mochila pequena para os roteiros
- Roupa de abrigo, cómoda e de traballo

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu DNI e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tfno.: 981 957 115

camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude en Lugo. Tfno.: 982 294 599

www.facebook.com/xuventude.net

INFORMACIÓN ADICIONAL